XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES
Camiño Caseiro, s/n
36314 Vigo (Pontevedra)
Teléfono: 986467019 FAX: 986 467868
E-mail: ceip.igrexa.valadares@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/

CURSO 2014-2015

CIRCULAR - Nº 12

A todos os pais/nais dos alumnos/as:

Informámoslle que a partir do día 2 de xuño está aberto o prazo de presentación de solicitudes para participar no programa de gratuidade solidaria de libros de texto para o próximo curso 2015-2016. Pódese participar en dúas convocatorias:

a) **Solicitudes para adquirir libros de texto para 3º e 5º curso do fondo solidario.** Remate do prazo de solicitudes o 30 de xuño.

b) **Solicitudes para acceder ás axudas para a adquisición de libros de texto para o alumnado matriculado en 1º, 2º, 4º e 6º curso.** Remate do prazo de solicitudes o 1 de xullo. Os datos consignaranse en base ao exercicio fiscal do ano 2013.

- Será condición imprescindible para acceder a calquera destas convocatorias ter devolto, en bo estado, os libros de texto adquiridos coas axudas do curso 2014-2015. *Exceptúanse desta norma os libros adquiridos para 1º e 2º curso , alumnado de educación especial ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, por considerarse material non reutilizable.*

- Así mesmo, a orde contempla a posibilidade de que as familias **entreguen voluntariamente os** libros **aínda que non foran adquiridos coas axudas.**

- **A data límite para devolver os libros de texto de todos os cursos será o 19 de xuño**.